



Vilalba, 26 de maio de 2011

NOTA INFORMATIVA

ACTO DE ENTREGA DE PREMIOS DO XV CERTAME LITERARIO BENJAMÍN PAZ

O venres, día 27 de maio de 2011, ás 19,30 horas, no Salón de Actos do Centro Cultural e Recreativo de Vilalba, o CEIP "Antonio Insua Bermúdez", organiza o acto de entrega de premios do XV Certame Literario e de Debuxo Benjamín Paz, que convocou coa colaboración da Asociación de Minusválidos "Benjamín Paz" e o propio Centro Cultural Recreativo, e que ten como fin primordial e fundamental o de lembrar a figura de Benjamín Paz Cordal.

O acto entra dentro tamén das actividades que o noso Colexio programa co gallo das Letras Galegas tendentes a fomentar a creatividade artística e literaria, por un lado, e a potenciar o idioma galego cara a consecución da súa plena normalización, por outro.

Para comezar o programa o Grupo de Teatro da ANPA do Colexio, dirixido por Estrella Naseiro, porá en escea a obra "Historias do Parque".

A continuación darase lectua á acta do Xurado e levarase a cabo a entrega de premios. Complétase o programa cun pequeno recital poético a cargo de alumnos e alumnas gañadores no Certame.

RELACIÓN DE PREMIADOS

MODALIDADE	CATEGORÍA	TÍTULO	AUTOR/A	COLEXIO	PREMIO
POESÍA	1º CICLO	CANTA PAXARIÑO	JOSÉ EDUARDO LOSADA LÓPEZ	CEIP "A. INSUA BERMÚDEZ"- VILALBA	1º PREMIO
POESÍA	2º CICLO	SOÑOS	UXÍA GATO DÍAZ	CEIP "A. INSUA BERMÚDEZ"- VILALBA	1º PREMIO
POESÍA	3º CICLO	MATRUSKA NA AULA	SARA LEAL REY	CEIP "MANUEL MATO VIZOSO"-VILALBA	1º PREMIO
		A PRIMAVERA	ANDREA PARDO PERNAS	CEIP "A. INSUA BERMÚDEZ"-VILALBA	ACCÉSIT
NARRATIVA	1º CICLO	O COELLO E O FOTÓGRAFO	ANDRÍAN ROUCO INSUA	CEIP "A. INSUA BERMÚDEZ"-VILALBA	1º PREMIO
NARRATIVA	2º CICLO	O PINCEL MÁXICO	MANUEL FRANCISCO LAMELA GÓMEZ	CEIP "A. INSUA BERMÚDEZ"-VILALBA	1º PREMIO
		A FOLLA PINTA E O CARBALLO GRANDÓN	EVA SANMARTÍN VÁZQUEZ	CEIP "A. INSUA BERMÚDEZ"-VILALBA	ACCÉSIT
NARRATIVA	3º CICLO	TRAS A TEMPESTADE VÉN A CALMA	SAMUEL MONTERO COEDO	CEIP "A. INSUA BERMÚDEZ"-VILALBA	1º PREMIO
		O SOÑO QUE SE COOU NA REALIDADE	SARA LEAL REY	CEIP "MANUEL MATO VIZOSO"-VILALBA	ACCÉSIT
		O SEGREDO DO RÍO	ALDARA VILLARINO VILLARINO	CEIP "A. INSUA BERMÚDEZ"-VILALBA	ACCÉSIT
DEBUXO	INFANTIL 3 ANOS		LUCÍA VÁZQUEZ LOZANO	ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL - VILALBA	1º PREMIO
DEBUXO	INFANTIL 4 ANOS		ANTONIO MÉNDEZ HERNÁNDEZ	CEIP "MONSEIVANE"-MOREDA-LANZÓS	1º PREMIO
DEBUXO	INFANTIL 5 ANOS		AITANA GESTO REGO	ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL - VILALBA	1º PREMIO



Vilalba, 26 de maio de 2011

PUBLICADO UN NOVO NÚMERO DA REVISTA ESCOLAR "A PRAVIA"



Así mesmo, nestes días o CEIP "A. Insua Bermúdez" edita un novo número da revista escolar A PRAVIA, coincidindo co mes das Letras Galega, e que fai o número 62.

Os principais temas que aparecen na mesma son: un traballo sobre o escritor homenaxeado este ano, Lois Pereiro, que inclúe pasatempos e cómic sobre a súa figura; unha entrevista a Alejandra Vázquez Noche, presidenta da Banda de Música; unha ampla reseña do XV Certame Benjamín Paz; os traballos das aulas; as noticias do Cole; os nosos murais; a páxina de APA; un traballo de investigación; o

homenaxe a dous mestres do Cole que se xubilan: Tino Fernández, director e titor de 5º, e Inés Lagüela, titora de 6º; o apartado de recensións de libros lidos por membros do equipo de redacción e que leva por título "Que lindo é ler!", e un recordo especial para David Noche, alumno de 4º deste Centro que nos deixou para sempre no mes de marzo.

A revista repártese a tódolos membros da comunidade educativa, aos centros educativos da bisbarra, ás institucións e aos organismos públicos, asociacións culturais, medios de comunicacións, etc.

CEIP "A. INSUA BERMÚDEZ" DE VILALBA